

Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Moeche, 25 de novembro de 2025

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O 25 de novembro é unha data para lembrar, recoñecer e actuar. Lembrar a todas as mulleres que sufriron e sofren violencia polo feito de selo. Recoñecer o esforzo das que romperon o silencio e das que, con valentía, loitan cada día por reconstruír as súas vidas. E actuar, desde todos os ámbitos, para que esa violencia desapareza dunha vez por todas.

Desde o Concello de Moeche unímonos ao chamamento do conxunto do municipalismo galego para rexeitar e condenar de forma unánime a violencia machista, que continúa a ser unha das maiores inxustizas sociais e unha grave vulneración dos dereitos humanos. Esta violencia, estrutural e baseada no xénero, perpetúa a desigualdade e mantén ás mulleres nunha posición de subordinación que non podemos nin debemos aceptar.

A violencia machista non é un problema privado, senón un problema colectivo que nos implica a todas e a todos: institucións, familias, escolas e comunidade. Por iso, desde Moeche reafirmamos o noso compromiso firme coa igualdade e coa defensa dos dereitos das mulleres, traballando desde o ámbito local, e na medida das posibilidades, en prevención, sensibilización e acompañamento ás vítimas.

Sabemos que non hai loita posible sen educación nin recursos, e que a empatía é o primeiro paso para o cambio. Por iso, pedimos a todas as administracións que reforcen os medios públicos e a coordinación institucional, e chamamos á veciñanza de Moeche a manter viva a conciencia e o compromiso: cada xesto de apoio, cada palabra de respecto e cada acción contra o machismo conta. Reivindicamos tamén a necesidade de apoiar especialmente ás mulleres que atopan máis barreiras —maiores, con discapacidade, migrantes ou con dificultades lingüísticas—, para que ninguén quede atrás.

E lembramos que negar ou relativizar a violencia machista é contribuír á súa persistencia. O silencio, a indiferenza ou o negacionismo tamén fan dano.



Neste 25 de novembro de 2025, Moeche ergue a voz por todas as mulleres, dicindo abondo xa.

Porque queremos un futuro no que as mulleres poidan vivir libres, seguras e respectadas.

Porque queremos un concello e unha sociedade sen medo, sen violencia e en igualdade.

Corporación municipal, novembro de 2025

